

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Orde do 10 de marzo de 2010 pola que se establecen as bases que regulan para o exercicio do ano 2010, as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración cos órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro e se procede á convocatoria para o ano 2010.

Mediante o Decreto 289/1997, do 9 de outubro, esta comunidade autónoma asumiu as funcións e servizos transferidos pola Administración do Estado relativos á xestión realizada polo Instituto Nacional de Emprego no ámbito do traballo, o emprego e a formación e, a través dos decretos 79/2009, do 19 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia e mais o Decreto 335/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a súa estrutura orgánica, a Consellería de Traballo e Benestar asume o exercicio das competencias e funcións, entre outras materias, no relativo ás políticas activas de emprego.

Partindo dunha das grandes liñas de acción da Consellería de Traballo e Benestar para o exercicio orzamentario 2010, correspóndelle agora a xestión das subvencións e axudas públicas das políticas activas de emprego, entre as que están as medidas dirixidas, por unha banda, a fomentar a creación de emprego de calidade e, por outra, a incrementar a empregabilidade dos desempregados, mellorando as condicións do mercado de traballo, no marco da Estratexia Europea para o Emprego, o Programa Nacional de Reformas e no eido da colaboración institucional e o diálogo social aberto xa polo novo goberno galego cos axentes económicos e sociais de Galicia.

Con todo, tamén é preciso deseñar e aplicar políticas activas orientadas, tanto a favorecer o desenvolvemento das zonas deprimidas como á atención de colectivos específicos con especiais dificultades de inserción.

Para iso resulta necesario contar coa colaboración das entidades sen ánimo de lucro, universidades e das distintas administracións públicas, permitindo pensar un insuficiente nivel de contratación na esfera privada.

As recomendacións da UE en materia de emprego diríxense a que os estados membros deben descentralizar a xestión das políticas de emprego, de forma que estas se acheguen e adecuen ás necesidades concretas de cada territorio e á realidade do mercado de traballo local.

A política de colaboración con organismos públicos, universidades e institucións sen ánimo de lucro posibilita e contribúe ao desenvolvemento, aproveitamento e dinamización do potencial económico, social e cultural da nosa comunidade autónoma, á vez que favorece a creación de emprego.

Con esta finalidade impleméntase a presente convocatoria de subvencións como instrumento a través do cal se ofrece aos demandantes de emprego unha oportunidade para adquirir unha experiencia laboral mínima que poida permitir a súa futura inserción no mercado de traballo, canalizando a práctica laboral adquirida cara a ocupacións que faciliten unha maior estabilidade no emprego.

Tendo en conta o exposto, nesta convocatoria recóllese aquelas liñas de axuda que, integradas nos programas de cooperación se dirixen ás administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro. Así, a orde estrutúrase en tres capítulos: o capítulo I recolle as disposicións comúns ás distintas liñas de axuda; o capítulo II, as normas específicas que rexen o outorgamento das subvencións dirixidas á contratación de traballadores e traballadoras desempregados/as; mentres que o capítulo III, recolle aquelas liñas de axuda que se dirixen especificamente á contratación de axentes de emprego e unidades de apoio para a creación de emprego, como programa propio e orixinal desta comunidade autónoma.

As subvencións contidas nesta orde financiaranse con cargo ás aplicacións orzamentarias contidas na Lei 9/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010 e poderán estar cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

En consecuencia, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais, logo do informe favorable da Asesoría Xurídica, da Dirección Xeral de Planificación e Fondos, da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e da Intervención Delegada, e tendo en conta as regras establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, no que resulte de aplicación, e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, en virtude das atribucións que teño conferidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I DISPOSICIÓNS COMÚNS

Artigo 1º.-*Obxecto.*

1. Esta orde ten por obxecto o establecemento das bases reguladoras e as condicións polas que se rexerá, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a convocatoria pública en réxime de concorrencia competitiva, das axudas e subvencións que baixo a rúbrica xeral de programas de cooperación, están destinadas ao financiamento de accións de fomento de emprego en colaboración cos órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro.

2. Establécense as seguintes liñas de axuda:

a) Capítulo segundo: subvencións para a contratación de traballadores e traballadoras desemprega-

dos/as e mulleres vítimas de violencia para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social.

b) Capítulo terceiro: subvencións para a contratación de axentes de emprego e unidades administrativas de apoio.

Artigo 2º.-Financiamento.

1. O financiamento destes programas efectuarase con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2010, a través dos créditos consignados nas aplicacións 12.04.322A.400.0, 12.04.322A.402.0, 12.04.322A.403.0, 12.04.322A.439.0, 12.04.322A.440.0, 12.04.322A.441.0, 12.04.322A.442.0, 12.04.322A.443.0, 12.04.322A.444.0, 12.04.322A.445.0 e 12.04.322A.481.1 (CP 2010 00 753 e 2010 00 755) e polos importes globais de 180.000, 50.000, 780.000, 150.000, 205.000, 160.000, 360.000, 725.000, 2.900.000, 200.000 e 18.972.591 euros, respectivamente.

2. Os ditos créditos estimados poderán ser obxecto de modificacións como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento do emprego, coas limitacións que establezan a Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais ou as disposicións aplicables ás axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, nos supostos e nas condicións previstas nos artigos 30 e 31 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. As axudas reguladas polo capítulo segundo desta orde, poderán estar cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, nunha porcentaxe do 80 por cento, a través do Programa Operativo Adaptabilidade e Emprego PO 2007 ES 05U PO 001, para o período 2007-2013, debéndose someter as entidades ao cumprimento das obrigas relacionadas coas medidas de publicidade impostas polo Regulamento da comisión (CE) número 1823/2006, do 8 de decembro.

Artigo 3º.-Entidades beneficiarias.

1. Poderán ser beneficiarios/as das axudas e subvencións previstas na presente orde os órganos, organismos, entidades e sociedades e empresas públicas dependentes ou vinculadas ás administracións públicas distintas da local e as universidades, así como as entidades sen ánimo de lucro que dispoñan de recoñecida solvencia e capacidade técnica e de xestión suficientes para a correcta execución dos correspondentes proxectos.

2. Non poderán ser beneficiarias as entidades que estean incursas nalguna das circunstancias establecidas no artigo 10.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 4º.-Presentación de solicitudes.

1. As solicitudes cubriranse no modelo oficial que figuran como anexos I desta orde, que para todos os efectos se entenderán como parte integrante desta, e dirixiranse á Dirección Xeral de Promoción do Emprego da Consellería de Traballo e Benestar, podendo presentarse na Oficina de Rexistro Único e Información da Xunta de Galicia ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novem-

bro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Así mesmo, os modelos de solicitude, independentemente da súa publicación como anexos a esta convocatoria, atópanse tamén á disposición dos interesados, na páxina web institucional da Xunta de Galicia (http://traballo.xunta.es/contenidos/gl/menu_transversal/ayudas_subvenciones/portada_ayudas).

2. Para os efectos do disposto na disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, no artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e nos artigos 14 e 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, mediante a presentación da solicitude de subvención e a sinatura do anexo I a entidade interesada presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Traballo e Benestar para incluír e facer públicos nos referidos rexistros e páxina web os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas. De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, poderán exercerse os dereitos de acceso, rectificación, consulta, cancelación e oposición, mediante escrito dirixido á Consellería de Facenda.

3. As solicitudes para a obtención das axudas e subvencións reguladas por esta orde poderán presentarse no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*, agás as solicitudes de axudas e subvencións para a contratación de mulleres vítimas de violencia, que poderán presentarse ata o 15 de novembro.

No caso en que se optase por presentar a solicitude ou calquera outra documentación que se achege nas distintas fases do procedemento ante unha oficina de correos, farase en sobre aberto, para que a instancia sexa datada e selada polo funcionario de Correos antes de ser certificada, segundo o establecido no artigo 31 do Real decreto 1829/1999, do 3 de decembro, polo que se regula a prestación dos servizos postais.

Artigo 5º.-Documentación.

1. As solicitudes (anexo I), que en todo caso deberán ser subscribas pola persoa titular ou representante legal da entidade beneficiaria, coa debida acreditación, deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

I) Documentación común:

a) Acreditación da persoa que, en nome e representación da entidade, asina a solicitude, mediante a correspondente documentación de apoderamento, resolución, mandato, certificado expedido polo secretario, ou acta, onde se determine a dita representación.

b) Autorización, da persoa que actúa en nome e representación da entidade solicitante, á Consellería

de Traballo e Benestar para que esta comprobe os seus datos persoais a través do Sistema de Verificación de Datos de Identidade (SVDI) e de Residencia (SVDR) do Ministerio de Administracións Públicas, segundo o establecido na Orde do 7 de xullo de 2009, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pola que se desenvolve o Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se suprime a achega de fotocopias dos documentos acreditativos da identidade nos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos na Administración da comunidade autónoma. No caso de non prestar a súa autorización, presentárase unha fotocopia compulsada do documento acreditativo da identidade do solicitante no modelo que se publica como anexo VII.

c) Copia compulsada da tarxeta de identificación fiscal da entidade solicitante.

d) Copia compulsada da escritura pública e/ou dos estatutos de constitución vixentes da entidade solicitante nos que resulte acreditada a ausencia de ánimo de lucro, para os supostos en que tivese esa natureza.

e) Ficha de transferencia bancaria, debidamente asinada polo representante da entidade solicitante e da entidade bancaria no modelo que se publica como anexo V, ou certificado bancario debidamente emitido pola entidade financeira.

f) Unha declaración do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes, no modelo que se publica como anexo VI.

g) Declaración responsable de cumprimento dos requisitos establecidos para obter a condición de entidade beneficiaria, segundo o disposto no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no modelo que se publica como anexo VII.

II) Documentación específica:

a) Capítulo segundo. Contratación de traballadores e traballadoras desempregados/as:

-Unha memoria global das obras ou servizos que se van realizar, no modelo que se publica como anexo II, acompañada do proxecto e planos cando o tipo de obra así o exixa.

-Un certificado dos custos salariais dos traballadores que se pretenden contratar, ordenados por prioridade de ocupación, para a realización do proxecto para o que se solicita a subvención, axustándose ao modelo que se publica como anexo III.

b) Capítulo terceiro. Contratación de axentes de emprego e unidades de apoio: unha memoria, no modelo que se publica como anexo IV, fundamentando a solicitude, incluíndo unha descrición dos obxectivos perseguidos coa contratación, as tarefas que teña que desempeñar o/a axente de emprego e a/as unidades de apoio administrativas, se é o caso.

2. Cando os documentos exixidos nos puntos I. a), c) e d) deste artigo, xa estivesen en poder da Dirección Xeral de Promoción do Emprego e non se pro-

ducisen modificacións no seu contido, a entidade solicitante poderá acollerse ao establecido na epígrafe f) do artigo 35 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sempre que se faga constar esta circunstancia especificando o ano en que remítase a dita documentación, o número de expediente correspondente, e non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que corresponda.

3. Se do exame do expediente se comprobouse que non reúne os requisitos necesarios ou non achega a totalidade da documentación exixida, requirirase a entidade solicitante para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, de acordo co disposto no artigo 71.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, terase por desistida a súa petición, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 42 desta lei.

Artigo 6º.-*Procedemento, competencia e resolución.*

1. O procedemento de concesión de axudas será o de concorrencia competitiva.

2. O órgano instrutor dos expedientes será o servizo de programas de cooperación da Dirección Xeral de Promoción do Emprego.

3. Revisados os expedientes e completados, de ser o caso, remitiranse á Comisión de Valoración para que esta, nun acto único, proceda a súa avaliación e informe, en que se concretará o resultado da avaliación efectuada á totalidade dos expedientes, tendo en conta que as resolucións se poderán tramitar en diversas fases, en función das dispoñibilidades orzamentarias.

Aqueles expedientes dos que nas primeiras fases non se formule proposta de resolución favorable á súa aprobación non se considerarán desestimados e teranse en consideración polo órgano instrutor en futuras propostas de concesión de conformidade co informe da Comisión de Valoración.

Para estes efectos a Comisión de Valoración estará composta polo subdirector/a xeral de Escolas Obradoiro e Programas de Cooperación, que a presidirá e, como vogais, polo/a xefe/a de servizo de Programas de Cooperación e un funcionario ou unha funcionaria do dito servizo, que actuará como secretario ou secretaria.

Se, por calquera causa, no momento en que a comisión de valoración teña que examinar as solicitudes, algunha das persoas que a compoñen non puidese asistir, será substituída pola persoa que, para o efecto, se designe polo órgano competente para resolver.

4. O órgano instrutor elevará o informe da Comisión de Valoración xunto coa proposta de resolución ao director xeral de Promoción do Emprego que resolverá a concesión ou denegación da axuda mediante resolución motivada e individualizada por delegación da conselleira de Traballo e Benestar.

5. O prazo de resolución e notificación será de seis meses contados a partir da entrada da solicitude no

registro do órgano competente para resolver. Se no prazo indicado non existe resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude por silencio administrativo, de acordo co disposto no artigo 2º da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

6. A resolución pola que se conceda a subvención determinará, como mínimo, a denominación do proxecto aprobado, se é o caso, a referencia á porcentaxe de cofinanciamento polo Fondo Social Europeo, a data de inicio, o tempo de realización da obra ou servizo, a contía da subvención que se vai outorgar, e demais requisitos exixibles para a súa percepción e seguimento.

7. A determinación da contía da subvención correspondente ao incentivo á mobilidade xeográfica das beneficiarias do programa de fomento da inserción laboral de mulleres vítimas de violencia que reúnan os requisitos para percibilo realizarase mediante resolución complementaria da persoa titular da Dirección Xeral de Promoción do Emprego.

8. As resolucións dos expedientes instruídos ao abeiro do disposto nesta orde esgotan a vía administrativa, polo que, de conformidade co disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, contra elas poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar, no prazo dun mes computado desde o día seguinte á súa notificación, ou presentar directamente, recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación.

9. Os incrementos de crédito, así coma o crédito liberado polas renuncias ou revogacións das subvencións outorgadas, destinarase á concesión de subvencións, se é o caso, para a contratación de mulleres vítimas de violencia solicitadas con posterioridade ao remate do prazo sinalado no artigo 4.3º, sempre que se cumpran as condicións previstas na disposición adicional cuarta, e daquelas obras e servizos que, por insuficiencia de crédito, non chegaron a obter subvención.

10. As subvencións concedidas ao abeiro desta orde publicaranse, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a finalidade no *Diario Oficial de Galicia*, na páxina web oficial da Consellería de Traballo e Benestar e no rexistro de subvencións de acordo co disposto na Lei xeral de subvencións, na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006 e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

11. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 7º.-*Xustificación e pagamento.*

1. O aboamento da subvención farase efectivo unha vez cumprido o obxecto para o que foi concedida, o que se xustificará mediante a presentación da seguinte documentación:

a) Orixinais ou copias compulsadas dos contratos de traballo, na modalidade de contrato de duración determinada de interese social, agás no caso de axentes de emprego e unidades de apoio, no que poderá utilizarse a modalidade contractual máis axeitada, formalizados e debidamente comunicados por escrito á oficina de emprego.

b) Orixinais ou copias compulsadas dos partes de alta na Seguridade Social.

c) Un certificado do órgano competente da entidade beneficiaria, segundo o modelo que se publica na web institucional da Xunta de Galicia, no enlace (http://traballo.xunta.es/contenidos/gl/menu_transversal/ayudas_subvenciones/programas-de-cooperacion), no que conste a formulación da correspondente oferta de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia, especificando o número identificador desta e a relación nominal dos traballadores e traballadoras desempregados/as facilitados/as por aquel, así como das persoas candidatas finalmente seleccionadas e contratadas. No caso de nova contratación de axentes de emprego ou unidades de apoio, non será necesaria a certificación dado que se realizará previamente o trámite de viabilidade establecido no artigo 19º desta orde.

d) Certificado do órgano competente da entidade beneficiaria, segundo o modelo que se publica na web institucional da Xunta de Galicia no enlace (http://traballo.xunta.es/contenidos/gl/menu_transversal/ayudas_subvenciones/programas-de-cooperacion), no que consten as retribucións salariais brutas dos traballadores e traballadoras, en cómputo mensual, desagregadas por conceptos, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e mais as cotizacións empresariais á Seguridade Social.

e) Unha declaración complementaria do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes, segundo o modelo que se publica na web institucional da Xunta de Galicia no enlace (http://traballo.xunta.es/contenidos/gl/menu_transversal/ayudas_subvenciones/programas-de-cooperacion).

f) Unha fotografía do cartel informativo no que se reflecta a súa localización, nos termos sinalados no artigo 9.3º facendo mención expresa ao cofinanciamento polo Fondo Social Europeo.

g) Orixinais dos documentos de información ás persoas traballadoras da subvención polo Fondo

Social Europeo, debidamente asinados, no modelo que se publica na web institucional da Xunta de Galicia, no enlace (http://traballo.xunta.es/contenidos/gl/menu_transversal/ayudas_subvenciones/programas-de-cooperacion).

O prazo para remitir a documentación exixida será o establecido na resolución pola que se concede a subvención.

2. O aboamento da subvención correspondente ao incentivo á mobilidade xeográfica das traballadoras contratadas beneficiarias do programa de fomento da inserción laboral de mulleres vítimas de violencia farase efectivo unha vez comprobado que reúnen os requisitos para acceder a el e ditada a correspondente resolución complementaria de concesión de subvención, logo de fiscalización da proposta pola respectiva intervención.

Artigo 8º.-*Incompatibilidades.*

1. O importe das subvencións reguladas nesta orde en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou internacionais, supere o custo da actividade que vai desenvolver a entidade beneficiaria ou, se é o caso, a porcentaxe máxima do investimento subvencionable que legalmente se estableza.

2. As entidades beneficiarias deberán comunicarlle á Consellería de Traballo e Benestar a obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público estatal ou internacional.

Artigo 9º.-*Obrigas dos/as beneficiarios/as. Revogación.*

1. As entidades beneficiarias, ademais das establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvenciones de Galicia, deberán cumprir as seguintes obrigas:

a) Realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

b) Con independencia do cobramento ou non da subvención, deberán satisfacer ao seu vencemento e, mediante transferencia bancaria, as obrigas económicas que deriven do funcionamento dos servizos subvencionados, especialmente as de carácter salarial.

c) Someterse ás actuacións de comprobación e control que poida efectuar a Consellería de Traballo e Benestar e a Inspección de Traballo e Seguridade Social, ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e o Consello de Contas e ás que poidan corresponder, se é o caso, á Comisión e ao Tribunal de Contas Europeo.

d) Comunicarlle á Consellería de Traballo e Benestar aquelas modificacións substantivas que afecten a realización da actividade que vaian desenvolver as traballadoras e traballadores contratados, co obxecto de que poida valorar se o seu carácter

produce unha alteración substancial das condicións tidas en conta para a concesión da subvención.

e) Realizar, cando proceda e por requirimento dos órganos competentes da Consellería de Traballo e Benestar, unha valoración do nivel de competencia profesional, así como un informe global no que se describan tanto os puntos fortes como as carencias dos mozos e mozas demandantes de emprego sen titulación de tipo profesional que se incorporen ao mercado de traballo a través dos programas regulados nesta orde.

2. No prazo de dous meses desde o remate da obra ou servizo subvencionada, e para os efectos do cumprimento do Regulamento (CE) 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro, están obrigadas a remitirle á Dirección Xeral de Promoción do Emprego da Consellería de Traballo e Benestar, a seguinte documentación:

-No caso da contratación de traballadoras e traballadores desempregados, unha memoria final sobre as actividades realizadas e práctica profesional adquirida polos traballadores e traballadoras contratados/as.

-No caso da contratación de axentes de emprego non será necesario remitir a memoria pero terán a obriga de utilizar os aplicativos postos á súa disposición que permitirán a obtención e xestión da memoria de actividades mediante un sistema telemático, en prol de avaliar as actuacións levadas a cabo por aqueles.

- Un certificado de fin de obra ou servizo segundo o modelo que se publica na web institucional da Xunta de Galicia (http://traballo.xunta.es/contenidos/gl/menu_transversal/ayudas_subvenciones/programas-de-cooperacion).

-Copias compulsadas das nóminas aboadas aos traballadores e traballadoras que se contraten e dos boletíns de cotización á Seguridade Social (modelos TC-1 e TC-2), así como os documentos bancarios correspondentes (extractos ou cargos bancarios) e mais o resumo anual de retencións sobre os rendementos do traballo (modelo 190 IRPF).

3. Para efectos de difusión pública, no lugar onde se realicen as obras ou servizos, deberá figurar, de forma visible, cartel informativo, en modelo normalizado establecido e publicado pola Dirección Xeral de Promoción do Emprego na web institucional da Xunta de Galicia (http://traballo.xunta.es/contenidos/gl/menu_transversal/ayudas_subvenciones/sec_ayudas_carteles_informativos), no que constará o cofinanciamento pola Consellería de Traballo e Benestar e polo Fondo Social Europeo, se é o caso.

4. O incumprimento total ou parcial de calquera das obrigas, condicións ou finalidades establecidas nesta orde orixinará, á vista da natureza e causas do incumprimento, a revogación ou o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas xunto cos xuros de demora, nas condicións e de conformidade co establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subven-

cións de Galicia, sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

CAPÍTULO II

DAS SUBVENCIÓNS PARA A CONTRATACIÓN DE TRABALLADORES E TRABALLADORAS DESEMPREGADOS/AS PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS OU SERVIZOS DE INTERESE XERAL E SOCIAL

Artigo 10º.-*Obxecto e finalidade.*

Estas subvencións teñen por obxecto o fomento do emprego, no ámbito da colaboración coas administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro, a través da subvención da contratación de traballadores e traballadoras desempregados/as e de mulleres vítimas de violencia, para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social, coa finalidade de proporcionar-lles a experiencia e práctica profesional necesarias para facilitar a súa posterior inserción laboral.

Artigo 11º.-*Contía.*

1. A contía da subvención que percibirán as entidades beneficiarias será:

a) Para efectos salariais, a equivalente aos custos salariais e de Seguridade Social dos traballadores e das traballadoras que se van contratar nos termos previstos nos seguintes puntos.

b) Para efectos de incentivo á mobilidade xeográfica, será de 180 € mensuais por cada beneficiaria do programa de fomento da inserción laboral de mulleres vítimas de violencia contratada que reúna os requisitos para percibilo.

2. A contía máxima da subvención que percibirán para efectos salariais as entidades beneficiarias será igual ao resultado de multiplicar o número de traballadores e traballadoras desempregados/as contratados/as polo número de meses de duración do contrato e polo importe do módulo que lle corresponda en función do grupo de cotización á Seguridade Social do traballador ou traballadora que se contrate, conforme o establecido no parágrafo seguinte, ou a cantidade prevista no convenio colectivo que resulte de aplicación de ser esta inferior.

3. Os módulos correspondentes a cada grupo de cotización das persoas traballadoras contratadas serán os seguintes:

Módulo A: os custos salariais totais que se van subvencionar ascenderán a unha vez e media o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM), vixente cada ano, máis a parte proporcional das pagas extraordinarias- por importe, cada unha delas, dunha mensualidade do dito IPREM-e a correspondente cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos por cada persoa traballadora contratada nos grupos de cotización da Seguridade Social 10 e 11.

Módulo B: os custos salariais totais que se van subvencionar ascenderán a dúas veces o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM), vixente en cada ano, mais a parte proporcional das pagas extraordinarias- por importe, cada unha delas,

dunha mensualidade do dito IPREM- e a correspondente cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos por cada persoa traballadora contratada dentro do grupo de cotización da Seguridade Social 9 ao 5, ambos inclusive.

Módulo C: os custos salariais totais que se van subvencionar ascenderán a tres veces o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM), vixente en cada ano, máis a parte proporcional das pagas extraordinarias- por importe, cada unha delas, dunha mensualidade do dito IPREM- e a correspondente cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos por cada persoa traballadora contratada dentro do grupo de cotización da Seguridade Social 4 ao 1, ambos inclusive.

4. A citada contía máxima reducirase proporcionalmente en función da xornada realizada, cando os contratos se concerten a tempo parcial.

5. Non se subvencionarán, en ningún caso, o importe da indemnización prevista polo artigo 49.1º c) do Estatuto dos traballadores, así como os incentivos e complementos extrasalariais que non formen parte da base de cotización.

Artigo 12º.-*Criterios para a selección das obras ou servizos.*

1. As obras ou servizos que se van realizar deberán ser de interese xeral e social e deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Que sexan executados ou prestados polas entidades beneficiarias en réxime de administración directa.

b) Que, na súa execución ou prestación, se favoreza a formación e práctica profesionais das persoas desempregadas.

c) Que se presten ou executen no ámbito da Comunidade de Galicia.

d) Que a duración dos proxectos non supere os nove meses desde a data do seu inicio.

2. En ningún caso serán obxecto de subvención aquelas solicitudes presentadas polas entidades sen ánimo de lucro coa finalidade de executar obras.

3. De entre os proxectos presentados polas entidades que cumpran os requisitos sinalados no parágrafos anteriores farase unha avaliación para o outorgamento da correspondente subvención, tendo en conta os seguintes criterios de valoración específicos:

a) Sexan de maior interese xeral e social. Ata 20 puntos.

b) Acrediten un maior nivel de inserción laboral, ben mediante a incorporación directa dos traballadores e das traballadoras á entidade beneficiaria á finalización do proxecto ou no prazo que se acorde entre a entidade beneficiaria e o órgano competente para resolver ou calquera outra fórmula de previsión para a inserción laboral que, sendo obxectivable, este considere suficiente. A tal efecto terase en conta o anexo II. Ata 10 puntos.

c) Teñan un ámbito de actuación superior ao municipal e impliquen, no seu deseño e execución a outros organismos ou entidades do contorno, así como aos actores sociais presentes no territorio, ou xurdan en aplicación dun pacto territorial de emprego. Ata 10 puntos.

d) Correspondan a entidades cunha mellor valoración en relación ás actuacións levadas a cabo ao abeiro das axudas e subvencións para o fomento do emprego, en anos anteriores, outorgándose 3 puntos por cada traballador contratado sen subvencións ou axudas públicas, ata un máximo de 39 puntos.

e) Emprego da lingua galega na elaboración e na realización dos proxectos. Ata 3 puntos.

4. Para a comparación das solicitudes presentadas, establécese unha puntuación máxima de 82 puntos, co fin de establecer unha prelación entre elas de acordo cos criterios de valoración anteriores e adjudicar, co límite fixado na disposición adicional primeira dentro do crédito dispoñible sinalado no parágrafo segundo do artigo 1º, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

5. A puntuación mínima exigible para poder optar á obtención das correspondentes subvencións será de 37 puntos.

Artigo 13º.-Requisitos e criterios para a selección dos traballadores e traballadoras.

1. Os traballadores e as traballadoras que sexan contratados/as para a realización das obras e servizos polos que se outorgue a subvención deberán ser, en todo caso, persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia e que estean dispoñibles para o emprego.

Os traballadores e traballadoras que fosen contratados, por un período superior a 6 meses, con cargo as axudas concedidas ao abeiro da Orde do 29 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases que regulan, para o exercicio do ano 2009, as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación, non poderán ser contratados con cargo as axudas previstas nesta orde.

2. As entidades beneficiarias da subvención solicitarán os traballadores e as traballadoras que se necesiten mediante a presentación de oferta de emprego e da resolución e anexos de concesión de subvención nas oficinas de emprego, nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia aos requisitos e características que deben reunir os traballadores e traballadoras que se contratarán para o adecuado desempeño das funcións inherentes aos postos de traballo ofertados, debendo presentarse unha por cada categoría profesional dentro de cada ocupación, que deberá responder á codificación prevista no Catálogo Nacional de Ocupacións -CNO-, de conformidade cos seguintes principios xerais:

a) A oferta na súa formulación non poderá conter elementos que poidan servir de base para calquera tipo de discriminación que non responda aos crite-

rios preferenciais establecidos no parágrafo cuarto ou se trate de favorecer os colectivos enumerados nel.

b) En ningún caso poderá incluírse nin admitirse como criterio de emparellamento a posesión de experiencia laboral.

c) Poderán admitirse como criterios de emparellamento os relativos a titulación, formación e outro tipo de coñecementos, sempre que estean xustificadas no expediente de solicitude e sexan coherentes coa resolución de concesión.

d) As ofertas deberán presentarse necesariamente na oficina pública de emprego que corresponda ao enderezo do centro de traballo do posto ofertado. Cando unha entidade dispoña de centros de traballo que se correspondan co ámbito territorial de máis dunha oficina de emprego, excepcionalmente e coa autorización expresa da Dirección Xeral de Promoción do Emprego, logo de solicitude debidamente argumentada, poderá concentrar a tramitación de todas as ofertas na oficina á que lle correspondan máis postos de traballo ofertados.

e) As entidades deberán presentar as ofertas cunha antelación mínima de 15 días hábiles á data prevista para realizar as correspondentes contratacións.

3. Recibida a oferta, realizarase unha sondaxe de demandantes en función das características dela atendendo á maior adecuación ao posto de traballo ofertado, proporcionando, de ser posible, o número de persoas candidatas por posto de traballo que solicite a entidade beneficiaria, que en ningún caso poderá ser inferior a dúas nin superior a dez.

A remisión de novos candidatos só procederá cando a entidade xustifique documentalmente a súa necesidade por incumprimento dos requisitos da oferta ou por rexeitamento voluntario ou incomparencia dos remitidos.

4. Terán preferencia, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral e, se é o caso, aqueles que teñan previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, tales como:

a) Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia.

b) Menores de 30 anos, en especial, as persoas demandantes do primeiro emprego ou aqueles e aquelas sen cualificación profesional.

c) Persoas con discapacidade.

d) Persoas en paro de longa duración.

e) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.

f) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente beneficiarios/as da renda de integración social de Galicia.

Así mesmo, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, fillos e fillas menores de vinte e seis

anos, persoas maiores incapacitadas ou menores acollidos/as.

5. Excepcionalmente, logo de solicitude debidamente xustificada por parte da entidade solicitante e logo de autorización expresa da Dirección Xeral de Promoción do Emprego, poderán utilizarse ofertas especiais con vinculación nominal cando se trate de seleccionar mulleres vítimas de violencia e integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social.

6. As persoas candidatas serán remitidas á entidade beneficiaria co fin de que esta realice a selección definitiva, que lle deberá ser notificada, para o seu coñecemento, á correspondente oficina de emprego.

Artigo 14º.-*Contratación dos traballadores e traballadoras.*

1. Efectuada a selección dos traballadores e traballadoras na forma prevista no artigo anterior, a entidade beneficiaria procederá á súa contratación utilizando necesariamente a modalidade de contrato de duración determinada de interese social, facendo constar necesariamente a indicación programas de cooperación Xunta de Galicia-Outras administracións ou entidades tendo en conta que, en todo caso, os contratos deberán formalizarse no prazo e nos termos establecidos na resolución concedente da subvención.

2. Excepcionalmente, cando concorran causas debidamente xustificadas, a Dirección Xeral de Promoción do Emprego poderá autorizar o inicio das obras ou servizos con posterioridade ao devandito prazo, logo da solicitude para o efecto da entidade beneficiaria.

3. Os contratos de traballo subscritos cos traballadores e traballadoras seleccionados/as comunicaránselle por escrito á oficina de emprego correspondente coa indicación de Programas de Cooperación Xunta de Galicia-Outras administracións ou entidades.

4. O incumprimento dos prazos de selección e contratación por parte das entidades beneficiarias poderá dar lugar a revogación das axudas de conformidade co disposto no artigo 9º.4.

CAPÍTULO III

DA CONTRATACIÓN DE AXENTES DE EMPREGO E UNIDADES DE APOIO

Artigo 15º.-*Obxecto e finalidade.*

1. Este programa ten por obxecto o fomento do emprego a través da concesión de axudas e subvencións para a contratación de axentes de emprego e unidades de apoio que colaborarán na implantación das políticas activas de emprego e na realización de funcións relacionadas coa dinamización e coa creación de actividade empresarial.

2. Os e as axentes de emprego na súa colaboración na implantación das políticas activas de emprego realizarán, entre outras, as seguintes funcións:

a) Prospección de recursos ociosos ou infrautilizados, de proxectos empresariais de promoción económica local e iniciativas innovadoras para a xeración

de emprego no ámbito local, identificando novas actividades económicas e posibles emprendedores.

b) Difusión e estímulo de potenciais oportunidades de creación de actividade entre os desempregados, promotores e emprendedores, así como institucións colaboradoras, levando a cabo accións de sensibilización cara á promoción dunha maior conciencia empresarial como oportunidade de emprego.

c) Acompañamento técnico no inicio de proxectos empresariais para a súa consolidación en empresas xeradoras de novos empregos, asesorando e informando sobre a viabilidade técnica, económica e financeira e, en xeral, sobre os plans de lanzamento das empresas.

d) Apoio aos promotores das empresas, unha vez constituídas estas, acompañándoos tecnicamente durante as primeiras etapas de funcionamento, mediante a aplicación de técnicas de consultoría en xestión empresarial e asistencia nos procesos formativos adecuados para contribuír á boa marcha das empresas creadas.

e) Calquera outra que contribúa á promoción e implantación de políticas activas de emprego, relacionadas fundamentalmente coa creación de actividade empresarial.

3. Para o adecuado exercicio das súas funcións e actividades os e as axentes de emprego poderán contar coa axuda e asistencia de unidades de apoio de carácter administrativo, que serán coordinadas por aqueles/as.

4. A concesión e desfrute destas axudas para a contratación de axentes de emprego ou unidades de apoio non suporá, en ningún caso, relación contractual ou laboral coa Xunta de Galicia.

Artigo 16º.-*Contía.*

1. A subvención que percibirán as entidades beneficiarias será a equivalente aos custos salariais e de Seguridade Social dos e das axentes de emprego e unidades de apoio que se van contratar, nos termos expresados no parágrafo seguinte.

2. A contía máxima da subvención que percibirán as entidades beneficiarias será igual ao resultado de multiplicar o número de persoas que se contraten polo número de meses e polo importe do módulo C no caso dos axentes de emprego e do módulo B para as unidades de apoio, conforme o establecido no artigo 11º.3.

Artigo 17º.-*Criterios de valoración.*

1. Para efectuar a selección das entidades beneficiarias e das axudas que se van conceder, a Comisión de Valoración terá en conta os seguintes criterios de preferencia:

a) Os proxectos que acrediten un maior nivel de inserción laboral, mediante a contratación indefinida dos/as técnicos/as. Ata 10 puntos.

b) Os proxectos que teñan un ámbito de actuación superior ao municipal e impliquen, no seu deseño e execución outros organismos ou entidades do contor-

no, así como os axentes sociais presentes no territorio. Ata 10 puntos.

c) A valoración das actuacións levadas a cabo por estas entidades, ao abeiro das axudas e subvencións para o fomento do emprego, en anos anteriores. Ata 20 puntos.

d) Os proxectos que, na súa realización, permitan e apoiem a creación de proxectos empresariais para a súa consolidación en empresas, sempre que dean resposta ao establecido nas letras a) e b) deste artigo. Ata 10 puntos.

e) Emprego da lingua galega na elaboración e na realización dos proxectos: ata 3 puntos.

2. Para a comparación das solicitudes presentadas, establécese unha puntuación máxima de 53 puntos puntos, co fin de establecer unha prelación entre elas de acordo cos criterios de valoración anteriores e adjudicar, co límite fixado na disposición adicional primeira dentro do crédito dispoñible sinalado no parágrafo segundo do artigo 1, aquelas que obtiveron maior valoración en aplicación dos citados criterios.

3. A puntuación mínima exigible para poder optar á obtención das correspondentes subvencións será de 22 puntos.

Artigo 18º.-Selección dos/as axentes de emprego e dos/as integrantes das unidades de apoio.

1. A selección dos/as axentes de emprego e dos/as traballadores e traballadoras que formen parte da unidade administrativa de apoio corresponderalle á entidade beneficiaria da subvención, logo da presentación da correspondente oferta ante o Servizo Público de Emprego, agás que estivesen xa prestando os seus servizos na entidade como axentes de emprego ou unidade de apoio en 2009.

2. Para seren contratadas como axentes de emprego ou persoal integrante das unidades de apoio, cando proceda, as persoas candidatas deberán figurar como demandantes de emprego desempregados ou coa tarxeta de mellora de emprego, inscritas como tales no Servizo Público de Emprego de Galicia. No caso dos e das axentes de emprego deberán, necesariamente, ter superado con éxito os estudos de segundo ou primeiro ciclo universitario, valorándose a experiencia profesional, así como os coñecementos extraacadémicos adquiridos en cursos monográficos ou proxectos de emprego.

3. Se ao tramitar esta oferta non se atopasen candidatos idóneos, a entidade beneficiaria poderá acudir a outros procedementos de selección, de conformidade coa normativa vixente na materia, sempre que se garanta a idoneidade e o cumprimento dos requisitos dos candidatos mencionados no parágrafo seguinte.

Artigo 19º.-Comprobación da viabilidade e contratación.

1. Unha vez seleccionada a persoa candidata, se é o caso, e, necesariamente antes de proceder á súa contratación, as entidades beneficiarias deberán

remitirlle á Dirección Xeral de Promoción do Emprego, co obxecto de comprobar o cumprimento dos requisitos previstos no artigo anterior, un certificado do órgano competente no que conste a formulación da correspondente oferta no Servizo Público de Emprego de Galicia, especificando o seu número identificador e a persoa candidata finalmente seleccionada de entre as remitidas por aquel ou, se é o caso, a inadecuación dos remitidos e a opción por outras fórmulas de selección, indicando as características e o perfil da persoa seleccionada.

2. En caso de que a persoa candidata seleccionada non cumprise os requisitos exixidos, a entidade beneficiaria poderá presentar unha nova persoa candidata no prazo máximo de 15 días na forma prevista no parágrafo anterior.

3. Comprobado o cumprimento dos requisitos exixidos, a Dirección Xeral de Promoción do Emprego comunicará á entidade beneficiaria que procederá á súa contratación no prazo e nos termos establecidos na resolución concedente da subvención.

4. Os axentes de emprego ou unidades de apoio, seleccionados de conformidade co procedemento establecido no artigo anterior, serán contratados a tempo completo pola entidade beneficiaria, mediante a modalidade contractual máis adecuada, de acordo coa normativa vixente, nos prazos expresados na resolución de concesión. En calquera caso, non poderá admitirse ningún contrato celebrado con posterioridade ao 30 de setembro de 2010.

5. Os contratos de traballo subscritos cos traballadores e as traballadoras seleccionados/as nos que necesariamente, se fará constar a indicación programas de cooperación Xunta de Galicia-Outras administracións ou entidades, comunicaranse por escrito á oficina de emprego correspondente.

6. O incumprimento dos prazos de selección e contratación por parte das entidades beneficiarias poderá dar lugar á revogación das axudas de conformidade co disposto no artigo 9º.4.

Artigo 20º.-Dotación de medios informáticos.

As entidades beneficiarias, co obxecto de garantir o adecuado desenvolvemento das funcións a desempeñar polos axentes de emprego, deberán cumprir as seguintes obrigas:

1. Poñer á disposición dos técnicos todos os medios materiais necesarios para o correcto desenvolvemento das súas funcións e, en particular, os equipos informáticos precisos, así como acceso á internet e ao correo electrónico.

2. Utilizar as ferramentas informáticas postas á disposición dos técnicos, especialmente, o sistema telemático de elaboración e xestión da memoria de actividades que permita avaliar as actuacións levadas a cabo por aqueles.

3. Darlle publicidade á actuación, así como a utilización do logotipo da rede de técnicos de emprego de Galicia, nos distintos elementos de comunicación, segundo establece o artigo 24º.

Artigo 21º.-*Avaliación das actividades levadas a cabo polos Axentes de Emprego.*

1. Co obxecto de ofrecer unha información detallada sobre a xestión e os resultados acadados para cada unha das actuacións e servizos promovidos polos técnicos subvencionados estableceuse un sistema telemático de elaboración e xestión da memoria de actividades que permita avaliar, en tempo real, as actuacións que están sendo levadas a cabo por aqueles.

2. Os datos e a información sobre os servizos e actuacións en que os axentes tomen parte deberán ser subministrados en tempo real, de xeito que a Consellería de Traballo e Benestar poida, en calquera momento, ter coñecemento das distintas actuacións que están a levar cabo as/os axentes.

Artigo 22º.-*Publicidade.*

1. Para os efectos de difusión pública, no lugar onde se realice o servizo, deberá figurar, de forma visible, cartel informativo, no modelo normalizado establecido no Manual de identidade corporativa da rede de técnicos de emprego de Galicia, publicado na web institucional da Xunta de Galicia http://traballo.xunta.es/contenidos/gl/menu_transversal/ayudas_subvenciones/sec_ayudas_carteles_informativos, no que constará o cofinanciamento pola Consellería de Traballo e Benestar.

2. Para os efectos de ofrecer unha imaxe unificada e global da Rede de Técnicos de Emprego de Galicia, cara aos usuarios e ás usuarias dos seus servizos en toda a comunidade autónoma, que permita unha mellor e máis rápida identificación destes, deberá utilizarse o conxunto de normas gráficas recollidas no Manual de identidade corporativa da rede de técnicos de emprego de Galicia, para a utilización do logotipo da rede, nos distintos elementos de comunicación, o que redundará nunha maior calidade das prestacións desenvolvidas polos e polas axentes.

Disposicións adicionais

Primeira.-A concesión das axudas e subvencións reguladas nesta orde estará supeditada á existencia de crédito orzamentario nas aplicacións 12.04.322A.400.0, 12.04.322A.402.0, 12.04.322A.403.0, 12.04.322A.439.0, 12.04.322A.440.0, 12.04.322A.442.0, 12.04.322A.443.0, 12.04.322A.444.0, 12.04.322A.445.0, 12.04.322A.460.0, 12.04.322A.460.1 e 12.04.322A.481.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010.

As entidades sinaladas no artigo 3º.1 desta orde poderán obter a concesión das referidas axudas e subvencións, logo da existencia de crédito nas aplicacións orzamentarias que, polo carácter das ditas entidades, corresponda. Para tales fins, se é o caso, realizaranse as oportunas modificacións orzamentarias.

Segunda.-As axudas reguladas polo capítulo segundo desta orde, poderán estar cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, nunha porcentaxe do 80 por cento, a través do Programa Operativo Adaptabi-

lidade e Emprego PO 2007 ES 05U PO 001, para o período 2007-2013.

Terceira.-Apróbase a delegación de atribucións da persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar no director xeral de Promoción do Emprego para resolver a concesión ou denegación das axudas e subvencións previstas nesta orde, así como para autorizar, dispoñer, recoñecer a obriga e propoñer os correspondentes pagamentos, así como as relativas aos procedementos de reintegro sinaladas no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Cuarta.-As solicitudes de subvención para a contratación de mulleres vítimas de violencia unha vez rematado o prazo xeral de presentación previsto no artigo 4.3, estarán supeditadas á existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente e á existencia de mulleres vítimas de violencia cuxa contratación deba realizarse no ámbito territorial da solicitante.

Quinta.-Por resolución do director xeral de Promoción do Emprego poderanse establecer os criterios necesarios para que, a través desta orde, en canto aos colectivos prioritarios, se poidan cumprir os obxectivos establecidos polo Servizo Público de Emprego de Galicia, de acordo coas directrices de emprego e as que poidan emanar do Diálogo Social e Institucional en Galicia e a demais normativa e acordos que, se é o caso, resulten de aplicación.

Sexta.-Para os efectos de que poidan ser tidas en conta na valoración de solicitudes de exercicios posteriores, as oficinas de emprego comunicaran á Dirección Xeral de Promoción do Emprego as incidencias que se poidan producir nos procesos de selección, así como a relación de entidades que non lles comuniquen os resultados da selección, de conformidade co establecido no artigo 13º.

Sétima.-Para a súa utilización no exercicio do ano 2010 ponse en funcionamento unha ferramenta informática que será utilizada por todos os axentes de emprego no desenvolvemento diario das súas funcións. A utilización deste aplicativo informático, elaborado e xestionado pola UPD Coordina Local en colaboración co IGAPE e BIC Galicia, permitirá a Consellería de Traballo e Benestar a obtención de información, de maneira inmediata, sobre as actividades desenvolvidas polos axentes e, consecuentemente, a confección automática da memoria de actividades, non sendo necesaria a súa presentación en papel.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase o director xeral de Promoción do Emprego para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e execución desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2010.

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE TRABALLO
 E BENESTAR

ANEXO I-A

FONDO SOCIAL EUROPEO
 "O FSE inviste no teu futuro"



EXPEDIENTE

PROCEDIMENTO SUBVENCIÓN DA CONTRATACIÓN DE TRABALLADORES DESEMPREGADOS EN COLABORACIÓN COS ÓRGANOS E ORGANISMOS DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS DISTINTAS DA LOCAL, UNIVERSIDADES E INSTITUCIÓNS SEN ÁNIMO DE LUCRO	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO TR352A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DE IDENTIFICACIÓN DA ENTIDADE SOLICITANTE

DENOMINACIÓN		CIF / NIF	
REPRESENTANTE LEGAL		DNI	
ENDEREZO		CORREO ELECTRÓNICO	
TELÉFONO	TELÉFON MÓBIL	FAX	PROVINCIA
			CÓDIGO POSTAL
			LOCALIDADE / CONCELLO

DATOS DA PERSOA DE CONTACTO PARA A TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE

NOME E APELIDOS		DNI	
POSTO QUE DESEMPEÑA		TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL
			FAX
ENDEREZO		CORREO ELECTRÓNICO	
LOCALIDADE/CONCELLO	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	

D/Dna. _____, en calidade de representante legal da entidade citada,

SOLICITA:

Nos termos sinalados nas memorias adxuntas, a concesión da subvención prevista na orde da Consellería de Traballo e Benestar de _____, polo importe que corresponda, para:

A contratación de _____ traballadores desempregados.

A contratación de _____ mulleres vítimas de violencia.

DECLARA QUE:

- A esta solicitude xúntaselle a documentación que se especifica no dorso.
- Non se incorre en ningunha das causas de incompatibilidade sinaladas na orde de convocatoria.
- Acepta someterse ás actuacións de comprobación e control previstas na orde de convocatoria.
- Todos os datos que constan nesta solicitude e nos documentos que se xuntan son certos.
- Presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Traballo e Benestar para que de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública, nos artigos 14 e 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

Autorizo a Consellería de Traballo e Benestar para que, como representante da entidade solicitante, comprobe os meus datos persoais a través do Sistema de Verificación de Datos de Identidade e de Residencia SI NON

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude, serán incorporados a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Se o desexa pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro, no enderezo que figura ao pé desta solicitude.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 10 de marzo de 2010, pola que se establecen as bases que regulan, para o exercicio do ano 2010, as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración cos órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro e se procede á súa convocatoria para o ano 2010.

SELO E SINATURA DO/A REPRESENTANTE LEGAL DA ENTIDADE SOLICITANTE

Lugar e data _____, de _____ de _____

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE

	DATA DE ENTRADA
	___/___/___
	DATA DE EFECTOS
	___/___/___
	DATA DE SAÍDA
	___/___/___
REVISADO E CONFORME	



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR

ANEXO I-B

FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"



EXPEDIENTE

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE AXENTES DE EMPREGO E/OU UNIDADES DE APOIO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO TR352B	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DE IDENTIFICACIÓN DA ENTIDADE SOLICITANTE

DENOMINACIÓN		CIF / NIF	
REPRESENTANTE LEGAL		DNI	
ENDEREZO		CORREO ELECTRÓNICO	
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	FAX	PROVINCIA
			CÓDIGO POSTAL
			LOCALIDADE / CONCELLO

DATOS DA PERSOA DE CONTACTO PARA A TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE

NOME E APELIDOS		DNI	
POSTO QUE DESEMPEÑA		TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL
			FAX
ENDEREZO		CORREO ELECTRÓNICO	
LOCALIDADE/CONCELLO		PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL

D/Dna. _____, en calidade de representante legal da entidade citada,

SOLICITA:

Nos termos sinalados nas memorias adxuntas, a concesión da subvención prevista na orde da Consellería de Traballo e Benestar de _____, polo importe que corresponda, para:

- A contratación de _____ axentes de emprego.
 A contratación de _____ traballadores de unidades de apoio.

DECLARA QUE:

- A esta solicitude xúntaselle a documentación que se especifica no dorso.
- Non se incorre en ningunha das causas de incompatibilidade sinaladas na orde de convocatoria.
- Acepta someterse ás actuacións de comprobación e control previstas na orde de convocatoria.
- Todos os datos que constan nesta solicitude e nos documentos que se xuntan son certos.
- Presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Traballo e Benestar para que de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública, nos artigos 14 e 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

Autorizo a Consellería de Traballo e Benestar para que, como representante da entidade solicitante, comprobe os meus datos persoais a través do Sistema de Verificación de Datos de Identidade e de Residencia SI NON

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude, serán incorporados a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Se o desexa pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro, no enderezo que figura ao pé desta solicitude.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 10 de marzo de 2010, pola que se establecen as bases que regulan, para o exercicio do ano 2010, as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración cos órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro e se procede á súa convocatoria para o ano 2010.

SELO E SINATURA DO/A REPRESENTANTE LEGAL DA ENTIDADE SOLICITANTE

Lugar e data

, de de

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE

REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA
	___/___/___
	DATA DE EFECTOS
	___/___/___
	DATA DE SAÍDA
	___/___/___

CÓDIGO DO PROCEDEMENTO TR352A

SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE TRABALLADORES DESEMPREGADOS EN COLABORACIÓN CON ÓRGANOS E ORGANISMOS DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS DISTINTAS DA LOCAL, UNIVERSIDADES E INSTITUCIÓNS SEN ÁNIMO DE LUCRO.

- ACREDITACIÓN DA PERSOA QUE, EN NOME E REPRESENTACIÓN DA ENTIDADE, ASINA A SOLICITUDE, MEDIANTE A CORRESPONDENTE DOCUMENTACIÓN DE APODERAMENTO, RESOLUCIÓN, MANDATO, CERTIFICADO EXPEDIDO POLO SECRETARIO, OU ACTA, ONDE SE DETERMINE A DITA REPRESENTACIÓN (*)
- COPIA COMPULSADA DA TARXETA DE IDENTIFICACIÓN FISCAL DA ENTIDADE SOLICITANTE (*)
- COPIA COMPULSADA DA ESCRITURA PÚBLICA E ESTATUTOS DE CONSTITUCIÓN VIXENTE DA ENTIDADE SEN ÁNIMO DE LUCRO SOLICITANTE (*)
- MEMORIA GLOBAL DAS OBRAS OU SERVIZOS QUE SE VAN REALIZAR (ANEXO II)
- CERTIFICADO DOS CUSTOS SALARIAIS DOS TRABALLADORES QUE SE PRETENDEN CONTRATAR PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO PARA O QUE SE SOLICITA A SUBVENCIÓN (ANEXO III)
- FICHA DE TRANSFERENCIA BANCARIA (ANEXO V).
- DECLARACIÓN DO CONXUNTO DE TODAS AS SOLICITUDES EFECTUADAS OU CONCEDIDAS PARA A MESMA FINALIDADE DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS COMPETENTES (ANEXO VI)
- DECLARACIÓN DE CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS PARA OBTEN A CONDICIÓ DE BENEFICIARIOS (ART. 10 DA LEI 9/2007) (ANEXO VII)
- AUTORIZACIÓN Á CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR PARA COMPROBACIÓN DOS DATOS PERSOAIS A TRAVÉS DO SVDI E DE SVDR DO MAP (ANEXO VIII)

CÓDIGO DO PROCEDEMENTO TR352B

SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN OU PRÓRROGA DA CONTRATACIÓN DE AXENTES DE EMPREGO E/OU UNIDADES DE APOIO.

- ACREDITACIÓN DA PERSOA QUE, EN NOME E REPRESENTACIÓN DA ENTIDADE, ASINA A SOLICITUDE, MEDIANTE A CORRESPONDENTE DOCUMENTACIÓN DE APODERAMENTO, RESOLUCIÓN, MANDATO, CERTIFICADO EXPEDIDO POLO SECRETARIO, OU ACTA, ONDE SE DETERMINE A DITA REPRESENTACIÓN (*)
- COPIA COMPULSADA DA TARXETA DE IDENTIFICACIÓN FISCAL DA ENTIDADE SOLICITANTE (*)
- COPIA COMPULSADA DA ESCRITURA PÚBLICA E DOS ESTATUTOS DE CONSTITUCIÓN VIXENTE A ENTIDADE SOLICITANTE (*)
- MEMORIA FUNDAMENTANDO A SOLICITUDE (ANEXO IV)
- FICHA DE TRANSFERENCIA BANCARIA (ANEXO V)
- DECLARACIÓN DO CONXUNTO DE TODAS AS SOLICITUDES EFECTUADAS OU CONCEDIDAS PARA A MESMA FINALIDADE, DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS COMPETENTES (ANEXO VI)
- DECLARACIÓN DE CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS PARA OBTEN A CONDICIÓ DE BENEFICIARIOS (ART. 10 DA LEI 9/2007) (ANEXO VII)
- AUTORIZACIÓN Á CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR PARA COMPROBACIÓN DOS DATOS PERSOAIS A TRAVÉS DO SVDI E DE SVDR DO MAP (ANEXO VIII)

(*) Cando estes documentos xa estivesen en poder da Dirección Xeral de Promoción do Emprego, deberase indicar o ano e o número de expediente en que se remitiu a documentación.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR

ANEXO II

FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"



EXPEDIENTE

PROCEDEMENTO

SUBVENCIÓN DA CONTRATACIÓN DE TRABALLADORES DESEMPREGADOS EN COLABORACIÓN COS ÓRGANOS E ORGANISMOS DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS DISTINTAS DA LOCAL, UNIVERSIDADES E INSTITUCIÓN S EN ÁNIMO DE LUCRO

CÓDIGO DO PROCEDEMENTO

TR352A

DOCUMENTO

MEMORIA

ENTIDADE SOLICITANTE

MEMORIA GLOBAL DAS OBRAS/SERVIZOS QUE SE VAN REALIZAR

DENOMINACIÓN DO PROXECTO DE OBRAS OU SERVIZOS (MÁXIMO 30 CARACTERES)

DESCRIPCIÓN DA OBRA OU SERVIZO

Contidos mínimos que se reflectiran na memoria:

- Actividades que desenvolvera/n a/s persoa/s traballadora/s solicitadas.
- Número de persoas traballadoras participantes no servizo.
- Lugar de actuación das actividades.
- Obxectivos que se acadarán coa subvención que se conceda.
- Data de inicio e fin prevista para a realización do servizo así como a súa duración total.
- Previsión de xeración de emprego, diferenciando entre inserción directa (persoas traballadoras que serán contratadas pola entidade a finalización do proxecto) e indirecta (posibilidades de autoemprego ou outras fórmulas).

MAN DE OBRA NECESARIA

Número de traballadores desempregados que se van contratar:

PERFIL DOS TRABALLADORES QUE SE VAN CONTRATAR

Nº TRABALLADORES	DENOMINACIÓN OCUPACIÓN	GRUPO COTIZACIÓN	DURACIÓN CONTRATO (1)	TIPO DE XORNADA	MODALIDADE CONTRACTUAL (2) (de interese social)
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

(1) Indíquese o período de tempo a que se refire, meses (M) ou días (D).

(2) Obra ou servizo (O/S), prácticas (PRACT.), eventual (EVENT.), interinidade (INT).

XERACIÓN DE EMPREGO

Traballadores/as concedidos/as durante o período 2009/2010 (excluído TR352B)

Relación das persoa/s traballadora/s que continuaron prestando servizos ou foron contratadas, unha vez finalizado o período de contratación subvencionado a través dos programas de cooperación, segundo o seguinte modelo:

Nome e apelidos	DNI/NIE	Período subvencionado PPC (aaaa/aaaa)	Datos do contrato		
			Modelo do contrato	Duración	Data de inicio
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 10 de marzo de 2010 pola que se establecen as bases que regulan, para o exercicio do ano 2010, as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración cos órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro e se procede á súa convocatoria para o ano 2010.

SELO E SINATURA DO/A REPRESENTANTE LEGAL DA ENTIDADE SOLICITANTE

Lugar e data

, de de

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

DATA DE EFECTOS

DATA DE SAÍDA

ANEXO III

CÁLCULO DA SUBVENCIÓN

De acordo cos módulos da Orde do _____

De acordo co convenio colectivo _____ Boletín/Diario Oficial nº _____ (data de publicación)

PRIORIDADE	Nº TRAB	OCUPACIÓN	G. C. (1)	CNAE09 / OCUPACIÓN (4 díxitos) (2)	CUSTO UNITARIO MENSUAL			DURACIÓN CONTRATO (4)	TIPO XORNADA %	CUSTOS SALARIAIS TOTAIS
					SALARIO BRUTO (inc. P.E.E.) (3)	SEGURIDADE SOCIAL EMPRESA	TOTAL MENSUAL			
1º										
2º										
3º										
4º										
5º										
6º										
7º										
8º										
9º										
10º										
11º										
12º										
13º										
14º										

TOTAL TRABALLADORES: _____ SUBVENCIÓN TOTAL SOLICITADA: _____

(1) Indíquese o grupo de cotización á S.S. segundo a categoría profesional do traballador.

GRUPO DE COTIZACIÓN	CATEGORÍA PROFESIONAL
1	Enxeñeiros e licenciados
2	Enxeñeiros técnicos, peritos e ax. titulados
3	Xefes administrativos
4	Axudantes non titulados
5	Oficiais administrativos
6	Subalternos
7	Auxiliares administrativos
8	Oficiais de 1ª e 2ª
9	Oficiais de 3ª e especialistas
10	Trab. maiores de 18 anos non cualificados
11	Trab. menores de 18 anos

(2) Indíquese con 4 díxitos a epígrafe de tarifas de primas de accidentes de traballo por IT e IMS ou, se é o caso, a ocupación.

(3) Incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e complementos salariais suxeitos a cotización.

(4) Indíquese o número de meses do contrato.

<p>LEXISLACIÓN APLICABLE</p> <p>Orde do 10 de marzo de 2010 pola que se establecen as bases que regulan, para o exercicio do ano 2010, as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración cos órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro e se procede á súa convocatoria para o ano 2010.</p> <hr/> <p>SELO E SINATURA DO/A REPRESENTANTE DA ENTIDADE SOLICITANTE</p> <p>Lugar e data _____, de _____ de _____</p>	<p>(Para cubrir pola Administración)</p> <table border="1" style="width: 100%;"> <tr> <td style="width: 70%;">RECIBIDO</td> <td style="width: 30%;">NÚMERO DE EXPEDIENTE</td> </tr> <tr> <td style="height: 50px;"></td> <td>_____</td> </tr> <tr> <td></td> <td>DATA DE ENTRADA</td> </tr> <tr> <td></td> <td>____/____/____</td> </tr> <tr> <td></td> <td>DATA DE EFECTOS</td> </tr> <tr> <td></td> <td>____/____/____</td> </tr> <tr> <td></td> <td>DATA DE SAÍDA</td> </tr> <tr> <td></td> <td>____/____/____</td> </tr> </table> <hr/> <p>REVISADO E CONFORME</p>	RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE		_____		DATA DE ENTRADA		____/____/____		DATA DE EFECTOS		____/____/____		DATA DE SAÍDA		____/____/____
RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE																

	DATA DE ENTRADA																
	____/____/____																
	DATA DE EFECTOS																
	____/____/____																
	DATA DE SAÍDA																
	____/____/____																



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR

ANEXO IV

FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"



EXPEDIENTE

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE AXENTES DE EMPREGO E/OU UNIDADES DE APOIO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO TR352B	DOCUMENTO MEMORIA
--	---	-----------------------------

ENTIDADE SOLICITANTE

MEMORIA PROXECTO DA CONVENIENCIA DA CONTRATACIÓN DE AXENTES DE EMPREGO E/OU UNIDADES DE APOIO

A dita memoria proxecto recollerá, polo menos, os seguintes aspectos:

- Descrición dos obxectivos perseguidos.
- Fases do desenvolvemento do proxecto.
- Tempo previsto para a súa realización.
- Descrición das tarefas que van desempeñar os traballadores que se van contratar.
- Número de axentes de emprego que se van contratar, se é o caso.
- Número de persoas que integran a unidade de apoio, se é o caso.

PERFIL DOS AXENTES DE EMPREGO QUE SE VAN CONTRATAR

NÚMERO TRABALLAD.	TITULACIÓN	CATEGORÍA/ NIVEL PROFESIONAL (1)	GRUPO DE COTIZACIÓN (2)	CNAE 09/ OCUPACIÓN (4 díxitos) (3)

PERFIL DOS TRABALLADORES DE UNIDADE DE APOIO QUE SE VAN CONTRATAR

NÚMERO TRABALLAD.	TITULACIÓN	CATEGORÍA/ NIVEL PROFESIONAL (1)	GRUPO DE COTIZACIÓN (2)	CNAE 09/ OCUPACIÓN (4 díxitos) (3)

(1) Categoría/nivel profesional:

00	Técnicos e varios.	50	Oficial segunda.
10	Directores.	60	Oficial terceira.
20	Encargados.	70	Axudantes auxiliares.
30	Xefes de equipo.	80	Peóns.
40	Oficial de primeira.		

(2) Indíquese o grupo de cotización á S.S. segundo a categoría profesional do traballador.

(3) Indíquese con 4 díxitos a epígrafe de tarifas de primas de accidentes de traballo por IT e IMS ou, se é o caso, a ocupación.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 10 de marzo de 2010 pola que se establecen as bases que regulan, para o exercicio do ano 2010, as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración cos órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro e se procede á súa convocatoria para o ano 2010.</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO REVISADO E CONFORME	NÚMERO DE EXPEDIENTE _____ DATA DE ENTRADA ____/____/____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____
SELO E SINATURA DO/A REPRESENTANTE LEGAL DA ENTIDADE SOLICITANTE Lugar e data _____, de _____ de _____		

ANEXO V

EXPEDIENTE
CÓDIGO DO PROCEDEMENTO

FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA

(Para a validez deste anexo é preciso que sea asinado polo representante da entidade mais pola entidade financeira)

TITULAR DA CONTA		DNI/NIF	
[]		[]	
ENDEREZO			
[]			
PROVINCIA	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
[]	[]	[]	[]
DATOS BANCARIOS			
CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
[]	[]	[]	[]
NOME DO BANCO	ENDEREZO (RÚA E NÚMERO)		
[]	[]		
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	
[]	[]	[]	

CERTIFICO:

Que os datos arriba reflectidos son correctos e corresponden ao titular e número de conta.

Lugar e data

_____, de _____ de _____

SINATURA E SELO DO/A SOLICITANTE

SINATURA E SELO DA ENTIDADE FINANCEIRA

ANEXO VI

EXPEDIENTE

DECLARACIÓN DAS AXUDAS SOLICITADAS OU CONCEDIDAS PARA A MESMA FINALIDADE DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

D/Dª [] , con NIF []
 solicitante dunha axuda en representación da entidade [] ,
 con CIF [] para a contratación de traballadores ao abeiro da Orde do [] , pola
 que se establecen as bases que regulan, para o exercicio do ano 2010, as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de
 cooperación no ámbito de colaboración cos órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo
 de lucro. Declara que nas datas que a continuación se relacionan presentou solicitude/s e foi/fóronlle concedidas, se é o caso, a/s seguinte/s axuda/s
 para o mesmo fin:

DENOMINACIÓN DO ORGANISMO, SOCIEDADE OU ENTIDADE PÚBLICA Á QUE LLE FOI SOLICITADA A AXUDA	DATA DE		IMPORTE
	SOLICITUDE	CONCESIÓN ⁽¹⁾	
[]	[]	[]	[]
[]	[]	[]	[]
[]	[]	[]	[]
[]	[]	[]	[]

⁽¹⁾ No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicárase PENDENTE nesta columna. No caso de solicitudes denegadas farase constar como DENEGADA

Non ten solicitado nin, en consecuencia, concedida ningunha axuda para o mesmo fin das distintas administracións públicas competentes.

Lugar e data

_____, de _____ de _____

Asdo.: []
 (Selo e sinatura da entidade solicitante)

ANEXO VII

EXPEDIENTE

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS PARA OBTENIR A CONDICIÓ DE BENEFICIARIO

D/Dª , con NIF

solicitante dunha axuda en representación da entidade ,

con CIF para a contratación de traballadores ao abeiro da Orde do

as bases que regulan, para o exercicio do ano 2010, as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración cos órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro.

Declara que cumpre os requisitos establecidos para obter a condición de beneficiarios, segundo o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Lugar e data

_____, de _____ de _____

Asdo.:

(Selo e sinatura da entidade solicitante)

ANEXO VIII

EXPEDIENTE

AUTORIZACIÓN PARA COMPROBACIÓN DOS DATOS PERSOAIS

D/Dª , con NIF

como **representante da entidade**

solicitante dunha subvención ao abeiro da Orde do

AUTORIZA:

Á Consellería de Traballo e Benestar para que esta comprobe os meus datos persoais a través do Sistema de Verificación de Datos de Identidade (SVDI) e de Residencia (SVDR) do Ministerio de Administracións Públicas, segundo o establecido na Orde do 7 de xullo de 2009, da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pola que se desenvolve o Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se suprime a achega de fotocopias dos documentos acreditativos da identidade nos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos na Administración da comunidade autónoma.

No caso de non prestar a autorización, presentarase unha fotocopia compulsada do documento acreditativo da identidade do solicitante

Lugar e data

_____, de _____ de _____

O/A REPRESENTANTE DA ENTIDADE

Asdo.:

(Selo e sinatura da entidade solicitante)